



CONCELLO DE GUITIRIZ  
Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

## **ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DIA 24 DE SETEMBRO DE 2015**

Na Vila de Guitiriz, cando son as 19.30 horas do día 24 de setembro de 2015, reúnen-se no Salón de Sesiões deste Concello, previa convocatoria realizada ó efecto nos termos legalmente establecidos, os membros integrantes do Concello en Pleno que a continuación se relacionan, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa dona Regina Polín Rodríguez, asistido por min, don Rafael del Barrio Berbel, secretario.

### **ASISTENTES:**

#### **Presidencia:**

Dona Regina Polín Rodríguez, Grupo Socialista.

#### **Concelleiros:**

Dona Laura Ageitos Miragaya, Grupo Socialista.  
Don Carlos Plácido Buján López, Grupo Socialista.  
Don Pedro Pérez Fanego, Grupo Socialista.  
Don José Manuel Saa Devesa, Grupo Socialista.  
Don Daniel Díaz Méndez, Grupo Socialista.  
Don Xosé María Teixido Núñez, Grupo Popular.  
Don Roberto Sanmartín Barro, Grupo Popular.  
Don Francisco José Penas Pardo, Grupo Popular.  
Dona Ana Broz Paderne, Grupo Compromiso por Guitiriz  
Don Xosé Lois González Souto, Grupo BNG.  
Don Jesús Veres Vázquez, Grupo Independente-CG.

#### **AUSENTES:**

Dona María Manuela Carballeira García, Grupo Popular, que xustificou a súa ausencia.

Pola Presidencia declárase aberta a sesión e pásase a despachar os asuntos que integran a Orde do Día, que a continuación se indican:

### **A) SECCIÓN RESOLUTIVA**

#### **1º.- Aprobación da acta da sesión anterior de data 30/07/2015.**

A Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten algunha observación ao borrador da acta da sesión anterior de data 30/07/2015.

Non habendo intervencións é aprobada por unanimidade.

#### **2º.- Aprobación da conta xeral do exercicio 2014.**

A proposta de alcaldía ditaminada favorablemente polo comisión informativa especial de contas de data 30/07/2015, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:

**“ASUNTO: Conta Xeral 2014**



CONCELLO DE GUITIRIZ  
Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

De conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Conta Xeral do exercicio 2014 deste Concello foi exposta ao público durante 15 días, previo o seu Informe favorable pola Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 30 de xullo de 2015.

Consta acreditado no expediente que non se presentaron reclamacións, reparos ou observacións nin durante os 15 días de exposición pública nin durante os 8 días seguintes nos termos do artigo 212.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

En base a todo o anterior, propoño ao Pleno da Corporación a aprobación da Conta Xeral correspondente ao ano 2014 en cumprimento do disposto no artigo 212.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.”

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que aínda que o concelleiro que estivo na comisión informativa abstívose na votación están favor das contas que son do exercicio de 2014 e van a votar a favor.

A voceira do grupo CxG di que va votar a favor como na comisión informativa.

O voceiro do grupo BNG explica que o seu grupo votou a favor na comisión informativa pero non porque o fixeran ben, ese non porque as contas estaban ben feitas e o aforro é porque non fixeron nada en 4 anos, e que va a votar a favor.

O voceiro do grupo Independente-CG di que vai votar a favor.

A Sra. Alcaldesa di que esta conta non é responsabilidade do actual equipo de goberno e que salvando algúns incumprimentos de prazos parciais por motivos de traballo vaise cumprir ao final e van a votar a favor.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos 12 membros presentes da Corporación.**

### **3º.-Proposta de actuacións para a acollida de refuxiados no Concello de Guitiriz.**

A proposta conxunta de data 17/09/2015 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2015, á que dá lectura o secretario en extracto, é a seguinte:

#### **“ACTUACIONES PARA A ACOLLIDA DE REFUXIADOS NO CONCELLO DE GUITIRIZ**

A situación dramática que están a vivir certos países, entre os que destaca Siria, sensibilizou á poboación mundial en xeral e de xeito notorio ós países da Unión Europea. Ante a tremenda avalancha de persoas que fuxen dos horrores da guerra e buscan refuxio noutros países desesperadamente, espertaron as consciencias dos mandatarios, das organizacións humanitarias e da sociedade en xeral. Daquela púxose de manifesto o rasgo diferenciador dos humanos que de sempre vivimos en sociedade e que empatizamos cos semellantes ofrecendo axuda cando se precisa e compartindo.

España, como non podía ser doutro xeito, sumouse á campaña de apoio e, dende as Comunidades Autónomas en colaboracións coas Federacións de Municipios e Provincias e as ONGs púxose en marcha a maquinaria que pretende acoller a milleiros de refuxiados



CONCELLO DE GUITIRIZ  
Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

ofertándolles unha vivenda digna nun marco xeográfico, xurídico e social que lles garanta plenos dereitos de cidadáns españois e no noso caso galegos. Dende o Goberno Central coordinan a campaña.

A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) está coordinando a nivel nacional as actuacións e recursos das distintas administracións públicas a través da Oficina de Coordinación Municipal de Axuda ao Refuxiado.

Do mesmo xeito a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) está coordinando as actuacións e recursos a nivel galego. A alcaldía de Guitiriz lle ofreceu dúas vivendas dispoñibles e lle comunicaron que están artellando coa Consellería de Benestar da Xunta de Galicia unha resposta para ordenar e coordinar do mellor xeito posible e máis axilmente os recursos cos que conta a administración autonómica, cos que están a ofrecer de forma solidaria e xenerosa as entidades locais de Galicia, que logo será trasladada á Consellería, para que se leve á Conferencia Sectorial de Inmigración, en Madrid.

Dende a FEGAMP insisten en que non se trata dunha acollida de emerxencia senón de buscar unha solución para os refuxiados, que terán acceso á Sanidade, Educación e recibirán unha renda de integración da Xunta. A Consellería de Traballo e Benestar traballa cun horizonte temporal máximo de 6 meses para a fase inicial de acollida dos refuxiados, que chegarán de xeito escalonado, ao longo de 2 anos.

Dende o Concello de Guitiriz coidamos que é necesaria a nosa colaboración aínda que pequena debido ó tamaño do noso concello e ós recursos do mesmo. Dende o primeiro momento entrouse en contacto cos responsables da FEGAMP e ofertáronse dúas vivendas de propiedade municipal que están en boas condicións de habitabilidade aínda que deben ser dotadas do mobiliario preciso para que os novos veciños poidan ocupalas:

1. *Unha vivenda unifamiliar na antiga escola de Becín*, Parroquia do noso Concello moi próxima ó núcleo urbano de Parga onde se conta con Centro Médico, colexio público e bastantes servizos para que unha familia poida subsistir. A vivenda conta con: cociña, un baño, salón-comedor e dous cuartos pequenos. Todos os habitáculos están situados na planta alta do edificio e na parte baixa existe un local social con baño. Coidamos que sería axeitada para unha familia de catro persoas ou catro persoas independentes que estean dispostas a compartir vivenda.
2. *Unha vivenda unifamiliar no barrio de Campoverde na parroquia de Buriz*. Esta parroquia está situada a unha distancia máis grande, aprox. 15 kilómetros da capitalidade do municipio, pero conta con moi boas comunicación e ademais na zona viven moitas persoas. A vivenda ten: cociña baño e unha ampla sala na planta baixa, baño e tres cuartos na planta alta. Dadas as súas medidas e dependencias podería acoller a unha familia numerosa ou a dúas pequenas dispostas a compartir. Igual que no caso de Becín, ofertamos Centro Médico (con PAC) e centros educativos: punto de atención á infancia para nen@s de 3 meses a tres anos: infantil, primaria, secundaria, bacharelato e algún ciclo formativo.

As dúas vivendas carecen na actualidade de mobiliario que estamos intentando mercar na meirande brevidade posible por parte do Concello. Están sen usar e recuperadas no ano 2010 con fondos do PLAN E. Coidamos que son dúas ofertas importantes dado que están en excelentes condicións de habitabilidade, ofertan calidade de vida pola ubicación das mesmas e permitirían ós seus moradores buscar traballo aínda que teñan fillos pequenos.

Tamén dispón o Concello de Centro de Día Municipal e unha ampla e variada oferta de actividades culturais, deportivas e complementarias á educación regrada.



CONCELLO DE GUITIRIZ  
Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

Dende o Concello tamén brindamos a realización dunha campaña de sensibilización cidadá. Estamos convencidos de que o momento social é difícil e fan falla moitas axudas. Do mesmo xeito sabemos que Guitiriz vai responder favorablemente a calquera campaña encamiñada a axudar. Por isto mesmo dende o Concello estamos dispostos a liderar unha campaña na que se poidan involucrar todos os ámbitos para ofertar a meirande posibilidade de axudas a estas persoas desfavorecidas no momento actual. Neste sentido, tendo en conta as ofertas dalgúns vecinos, propónse unha campaña de sensibilización social para que se poñan ó servizo da campaña vivendas, enseres ou calquera tipo de axuda que contribúa a mellorar e aumentar a acollida.

Por todo o exposto, propónse ó PLENO DA CORPORACIÓN, previo ditame da comisión informativa, a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º.-Ratificar a oferta dos dous inmobles municipais: escola de Becín e escola de Campoverde, que están en boas condicións de habitabilidade aínda que deben ser dotadas do mobiliario preciso para que os novos veciños poidan ocupalas.

2º.-Proceder á compra inmediata do mobiliario preciso nas dúas vivendas para o que se habilitará a dotación presupuestaria posible e precisa ó tempo que se inician trámites para lograr subvencións doutras administracións, entidades ou particulares.

3º.-Ofertar unha vivenda privada na parroquia de Roca que concede desinteresadamente unha familia.

4º.-Desenrolar unha campaña informativa e de sensibilización entre toda a veciñanza de Guitiriz para acadar novas ofertas, axudas e colaboración na acollida.

5º.- Canalizar toda a axuda e colaboración a través da FEGAMP.”

Aberto o debate pola Presidencia a Ra. Alcaldesa explica que é unha proposta conxunta asinada polos voceiros dos 5 grupos municipais, que en Guitiriz hai moita xente solidaria, que tiveron reunións con 15 asociacións do Concello para colaborar, pedíndolles axuda económica, voluntariado, mobiliario para as vivendas, ou difusión.

O voceiro do grupo PP di que é necesario e que isto pódelle pasar a calquera, que canta máis colaboración mellor.

A voceira do grupo CxG di que está totalmente a favor, que xa presentou unha moción sobre o tema, e que todas estas medidas son positivas.

O voceiro do grupo BNG di que está ben que sexa o Concello quen organiza a campaña e que se busque tamén o apoio da xente.

O voceiro do grupo Independente-CG di que está favor.

Na segunda quenda a Sra. Alcaldesa di que vaise abrir unha conta para doazóns cando incorpórese o interventor, que tamén admitirase roupa de casa para amoblar as vivendas, e Explica que estas axudas son compatibles coas axudas á xente de aquí, e que contribuirá a fixar poboación e que haxa xente nova nos centros educativos.



CONCELLO DE GUITIRIZ  
Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos 12 membros presentes da Corporación.**

## **B) SECCIÓN DE CONTROL**

**4º.- Dación de conta de comunicados oficiais e resolucións de alcaldía:**

**4.1. Dar conta das resolucións de alcaldía dende o día 18/07/2015 ata o día 11/09/2015.**

**5º.- Mocións:**

**5.1.-Moción de urxencia para o acollemento das persoas refuxiadas de guerra. Grupo CxG.**

A moción de data 9/09/2015 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2015, á que dá lectura a voceira do grupo CxG é a seguinte:

**“Moción de urxencia para o acollemento das persoas refuxiadas de guerra**

*Perante a crise humanitaria que está a acontecer nas fronteiras da Unión Europea, onde milleiros de persoas se xogan cada día a súa supervivencia fuxindo da guerra e da destrución que se vive nos seus países, faise necesario emprender políticas de solidariedade. Por isto, as vilas e cidades galegas, dende as súas institucións locais, deben tomar a iniciativa que non toman os gobernos e dar un paso adiante para acoller as persoas que están a escapar do conflito armado nos seus países de orixe, como solución de urxencia a esta crise humanitaria.*

*Dende o grupo municipal de Compromiso por Guitiriz propoñemos actuar solidariamente dende o noso concello, poñendo a disposición das persoas as instalacións públicas municipais e facer o acollemento que desde os gobernos galego e español está sendo claramente insuficiente, dadas as dimensións dos problemas.*

*Por iso solicitamos que a corporación municipal adopte os seguintes ACORDOS:*

*1.- Poñer a disposición do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia as instalacións públicas precisas para acoller as persoas refuxiadas.*

*2.- Instar ao Goberno galego a que coordine un Plan de acollida axeitado ás posibilidades de cada concello.”*

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que xa debateuse e votaron a favor.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo.

A Sra. Alcadesa di que está favor pero que cando presentouse a moción xa estaba iniciado e estaba falándose con todos.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos 12 membros presentes da Corporación.**



## **5.2.-Moción para dar unha mellor información á cidadanía e para que o Concello sexa máis transparente e democrático. Grupo BNG.**

A moción de data 17/09/2015 que foi informada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2015, á que dá lectura o voceiro do grupo BNG é a seguinte:

### **“Moción para dar unha mellor información a cidadanía e para que o concello sexa máis transparente e democrático**

Dende o BNG queremos mellorar a información que se dá actualmente dende o Concello os cidadáns

Cremos que os cidadáns do concello teñen dereito a poder ter na páxina web do Concello as actas dos Plenos e as actas das comisións de goberno, tamén nos parece que calquera veciño ou veciña que acuda o Pleno ten dereito a enterarse do que se debate, e como non, o remate do Pleno poda facer as preguntas que estimen oportunas os membros da corporación.

Para acadar no noso concello unha maior transparencia e unha maior democracia presentamos o Pleno a seguinte moción:

- 1ª.- Instar na sala de Plenos un sistema de son e amplificación e coa que tamén se poda gravar o acontecido nos Plenos.
- 2ª.- Publicar na páxina web do concello as actas de Plenos e comisións de goberno.
- 3ª.- Que a Sr. Alcaldesa o remate no Pleno permita o público asistente facer as preguntas que estimen oportunas.”

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo BNG explica que intentan cumprir algo que levaban no seu programa electoral para que o Concello sexa máis transparente e democrático.

O voceiro do grupo PP di que o primeiro e o segundo non é necesario aínda que non van a votalo en contra, pero que o terceiro sobre deixar preguntar ao público non están de acordo porque ao final vai parecer un tema asembleario, e os veciños poden facer as súas preguntas aos concelleiros para que estes as pregunten en rogos e preguntas.

A voceira do grupo CxG felicita ao voceiro do grupo BNG por esta moción e di que ven no seu programa electoral, que pódense publicar as actas na web do Concello e facer unha rolda de preguntas ao finalizar o Pleno, e que poderían meterse por rexistro de entrada en contestar 2 ou 3 en cada Pleno.

O voceiro do grupo BNG di que está de acordo, que tamén o levaba no seu programa, un Concello máis transparente e máis áxil.

A Sra. Alcaldesa di que está totalmente de acordo pero con matizacións. En canto ao primeiro punto de retransmitir todo o Pleno di que este ano non hai partida, que se fará máis adiante; o segundo punto tamén xa que a normativa obriga a partir de decembro e



CONCELLO DE GUITIRIZ  
Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

está actualizándose a páxina web, e haberá que facer filtros de todo o que se publica para non incumprir a Lei de protección de datos persoais; e o terceiro punto poderá facerse pero cando se aprobe un regulamento do funcionamento do Pleno para que a xente poida tamén facer preguntas.

Na segunda quenda o voceiro do grupo BNG di que o sistema de gravación é fácil, que esta en calquera Concello, e que é normal non publicar datos persoais, e que as preguntas as pode facer o público ao final do Pleno.

O voceiro do grupo PP di que non está en contra e que van a absterse.

A Sra. Alcaldesa di que está de acordo con facer as preguntas ao final pero limitado e con certa regulación no regulamento, e que primeiro crearan a comisión do PXOM e logo esta, e cumprirase a moción a curto prazo.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por 9 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE, BNG, CxG e Independente-CG, e 3 abstencións dos membros do grupo PP.**

### **5.3.-Moción para a promoción do leite galego no noso Concello. Grupo PP.**

A moción de data 21/09/2015 á que dá lectura o voceiro do grupo PP é a seguinte:

#### **“MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO NO NOSO CONCELLO**

O sector lácteo galego en xeral e o deste concello en particular, veñen sufrindo unha crise de prezos que ten que ver con varios factores e cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3%.

Nas explotacións galegas prodúcese un leite de exceso calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas. Impulsar o seu consumo e recoñecemento é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca “Galega 100%”, que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade.

Esta medida de valorización do noso produto de calidade completárase en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nas liñas dos supermercados, de xeito que os consumidores e consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada. A maiores, os galegos e galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de “Galega 100%” para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.

Con todo, é preciso sumar esforzos de todas as administracións para avanzar nesta promoción que estimule o consumo de leite e permita identificar a súa orixe, permitindo que o leite galego sexa recoñecido entre os consumidores.

Por tanto, dada a situación do sector leiteiro, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Guitiriz, e considerando a necesidade de aumentar o consumo e diferenciación dos produtos lácteos galegos no mercado, propoño ao Concello de Guitiriz a aprobación dos seguintes ACORDOS:



CONCELLO DE GUITIRIZ  
Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

Primeiro: solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do concello de Guitiriz á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas “Galega 100%”.

Segundo: promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de “Galega 100%” entre os consumidores en xeral.

Terceiro: desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

- a) Difusión da campaña publicitaria de “Galega 100%”
- b) Accións de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite “Galega 100%” e a visita de explotacións gandeiras e industrias lácteas adheridas a “Galega 100%”.
- c) Accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo “Galego 100%”.
- d) Medidas de entrega de leite “Galega 100%” nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos deste concello/provincia.

Cuarto: solicitar a Deputación de Lugo que elabore un plan de apoio o sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras do Concello de Guitiriz en colaboración coas cooperativas, de forma coordinada con outras que se acheguen desde a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural e Mar.”

Aberto o debate pola Presidencia a voceira do grupo CxG di que é curioso que presente agora esta moción cando fai 2 meses dixo que “ non estamos ante a peor crise do sector lácteo” e que “en Galicia están os prezos mellor...”. Di que vai votar en contra porque é unha forma de escaparse das súas responsabilidades, e que si fixeran algo non faría falta isto, este lavado de cara.

O voceiro do grupo BNG di que é o que ven defendendo o BNG dende sempre e ante todo, non son do leite se non de todos os sectores que o PP foise cargando, o eólico, naval, pesca e cultura. Di que o que ven os gandeiros é un prezo xusto e garantía de recollida do leite, non limounas.

A Sra. Alcaldesa di que é de sabios rectificar e que en 2 meses xa rectificaron o que dixeron en xullo. Di que o PSOE sempre está disposto a defender o rural e o sector gandeiro e agrario, e que van a apoiar e colaborar con calquera iniciativa que redunde no sector agrario.

O voceiro do grupo Independente-CG di que está de acordo co voceiro do grupo BNG.

O voceiro do grupo PP di que a maioría das explotacións facturan con distintos prezos e están tramitando axudas para os gandeiros que cobran menos, e que o problema do leite son os excesos de produción polo leite que ven de fora que é máis barata.

Na segunda quenda a voceira do grupo CxG di que leite é masculino polo que deberían cambiar o nome da campaña. Presenta a seguinte proposta alternativa:





CONCELLO DE GUITIRIZ  
Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

1. *“Para solucionar a crise nun sector, teñen que estar ben claros e definidos os actores que integran o mesmo. Primeiro habería que poñer en funcionamento activo e efectivo a Mesa do Leite, que é onde están representados os produtores, industria e distribución.*
2. *Para que funcione adecuadamente esta Mesa, todos os interlocutores deberían ter unha lexitimidade incuestionable. Hoxe os produtores xa non saben nin quen os representa, nin o peso de cada sindicato ou organismo representativo. Esta é unha das razóns polas que ten habido esta corrente anti-sindical, e razóns para ter esta postura teñen. A raíz desta situación é que os sindicatos levan máis de 16 anos sen celebrar eleccións o sector, en grande parte polo deixamento de funcións da Xunta, que debe de poñer en marcha de forma inmediata a funcionar as Cámaras Agrarias para celebrar as eleccións do sector, e dese xeito saber o peso actual de cada unha das organizacións representativas dos produtores. Unha vez renovado, a Mesa do Leite tería moito mais sentido, lexitimidade e impulso para entre todas as partes coordinar medidas para o sector, sempre coa colaboración activa da Xunta de Galicia.*
3. *A Xunta debe deseñar dunha vez un plan estratéxico serio e consensuado con todas as partes para deseñar un plan estratéxico riguroso para desenvolver e orientar o potencial do sector. Para iso debe tamén impulsar a diversificación e especialización de produtos derivados do leite, mediante o asesoramento e axudas para levar a cabo medidas que teñan viabilidade económica.*
4. *Dentro desa diversificación e produción de produtos lácteos realmente de calidade e mesmo ecolóxicos hai que facilitar o acceso á terra e pastos aos produtores tanto para abaratar custos como mellorar a calidade do leite. Ademais isto suporía contribuír a unha boa ordenación do territorio e manter máis terras limpas e coidadas que axudaría a evitar incendios.*
5. *A Xunta, contrariamente ao que fixo no pasado facilitando a presenza da industria doutros estados como o francés, debería xa apoiar dunha vez de forma decidida unha industria propia galega, que non se converta como no pasado unha forma de dar subvencións para lucrar a catro amigos do PP. Lembremos o caso Lence.*
6. *Outros puntos significativos, que aínda que parezan menores non o son tanto no plano simbólico, pois demostran a mentalidade que o PP ten en realidade e o concepto que ten do noso sector produtivo leiteiro serían:*
  - *Que deixen de chamar ao leite “galega” 100%, cando até os nenos de infantil saben que leite en galego é masculino: o leite.*
  - *Que proponían ao goberno de España que os organismos onde se decidan as cuestións do leite teñan a súa sede en Galicia, pois o peso decisivo que ten o noso país a nivel de Estado fai que esta demanda estea máis que xustificada.*
  - *Que a Xunta reestruture as súas consellerías para crear (como por outra parte houbo sempre) unha consellería de Agricultura específica. Meter dous sectores tan distintos e de tanto peso como a Pesca e a Agricultura nunha soa consellería reflicta a mentalidade despreciativa e de señoritos de Madrid que os nosos gobernantes na Xunta teñen cara a nosa Terra.”*

A Sra. Alcaldesa di que noutro Peno a voceira do grupo CxG criticou ao PP e agora presenta esta moción que non ten cabida, di que non se pode votar porque non é unha emenda, e que van a apoiar a moción.

A voceira do grupo CxG di que si é unha emenda e que conste en acta que non se vota.



CONCELLO DE GUITIRIZ  
Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

**Sometido o asunto a votación é aprobado por 10 votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PP, PSOE e Independente-CG, e 2 abstencións dos membros dos grupos BNG e CxG.**

### **TRAMITE DE URXENCIA**

En cumprimento do disposto nos artigos 91.4 e 82.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, a presidencia pregunta aos grupos municipais se teñen algunha moción para sometela a consideración do Pleno por razóns de urxencia e que non tivera cabida no punto de rogos e preguntas.

A Sra. Alcadesa presenta a seguinte proposición de urxencia:

#### **“PROPOSICION DE URXENCIA**

De conformidade co disposto nos artigos 82.3, 91.4 e 93 seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, sométese a consideración do Pleno a seguinte proposición de urxencia para votar a súa inclusión na orde do día, xustificando a urxencia na necesidade de aprobar esta declaración de apoio na presente sesión plenaria xa que o prazo de presentación de candidaturas ante a Comisión Europea finaliza o próximo 7/10/2015.

#### **DECLARACION DE APOIO A CANDIDATURA DO PROXECTO LIFE FLUVIAL 2015**

A proposta do grupo municipal socialista, por acordo plenario de data 31/07/2014 aprobouse por unanimidade da Corporación presentar candidatura ao proxecto “Life Fluvial” do ano 2014, comprometéndose os grupos municipais a prestar a máxima colaboración.

Dita candidatura, promovida polo Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) da USC, afecta as terreos deste termino municipal na ZEC Parga-Ladra-Támoga (ES1120003), e foi moi ben valorada no ano 2014, tendo posibilidades de saír elixida este ano e ser cofinanciada con fondos comunitarios.

A actuación, de acadarse o programa, non tería custes para o Concello e suporía unha moi boa promoción de calidade ambiental para a nosa zona.

Considerando o disposto nos artigos 21.1 e 22.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o apoio á candidatura do proxecto “Life Fluvial 2015” que engade accións na ZEC Parga-Ladra-Támoga (ES1120003), de acordo cos anexos que constan no expediente.

SEGUNDO.- Nomear un representante municipal que leve a cabo todas as xestións e contactos co equipo redactor da proposta.

TERCEIRO.- Comprometerse a prestar a máxima colaboración dende os cinco grupos municipais.

CUARTO.- Remitir de xeito urxente a documentación correspondente ao Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural de Lugo.”



Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa explica fai un ano aprobouse a moción do PSOE para solicitar este proxecto e quedouse como reserva ben puntuado, polo que este ano volve a presentarse e hai que apoialo xa que non ten ningún custe para o Concello.

O voceiro do grupo PP di que aprobouse o ano pasado e contou co apoio de todos porque beneficia ao Concello, e di que está de acordo.

Os voceiros dos grupos CxG, BNG e Independente-CG din que están a favor.

Sometida a urxencia a votación é aprobada por unanimidades dos 12 membros presentes da Corporación.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos 12 membros presentes da Corporación.**

## **6º.- Rogos e preguntas.**

### **ROGOS**

#### **Voceiro do grupo BNG:**

1º. Rogo para retirar ou cambiar o entronque na caseta de entrada de auga o embalse de San Xoán de Lagostelle, porque esta totalmente oxidado.

Sra. Alcaldesa: Tiña tanta maleza que non se vía, agora o faremos.

2º. Rogo para instalar en Guitiriz e Parga uns contedores para a recollida de aceites de cociña usados.

Sra. Alcaldesa: O veremos, hai no SENPA, farase unha campaña informativa.

3º. Rogo para a retirada ou no seu caso a protección de varanda das escaleiras da fachada da casa da Botica por estar nun estado ruinoso e perigoso para os cidadáns.

Sra. Alcaldesa: Si, aceptado.

4º. Rogo para que se describan ou se aclaren mellor algunhas das facturas das empresas subministradoras do concello.

Sra. Alcaldesa: Si, pero poden consultarse as facturas.

### **PREGUNTAS**

#### **Voceiro do grupo PP:**

1ª. É certo que vostede dixo nalgunhas das xuntanzas na parroquia que non había cartos no concello? Deixamos máis dun millón de euros nas contas.



CONCELLO DE GUITIRIZ  
Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

Sra. Alcaldesa: En todas as xuntanzas dixen que hai cartos pero que non se poden utilizar e é verdade, hai moitas partidas esgotadas. Intervención di que cando se pague todo o que está comprometido quedarán 500.000 euros, o que non é tanto. Onte queríamos contratar 1 persoa a media xornada para o PAI e non había dotación orzamentaria, non había nin para a xente que está contratada, non están ben orzamentados os cartos dos traballadores..

Voceiro PP: Hai moitas partidas, poden facerse cambios.

2ª. Participou este ano o Centro de día na xuntanza de Centros de día da Terra Cha?

Sra. Alcaldesa: Si.

3ª. Como esta o tema da estrada de Mariz o Balneario, que esta sen arranxar e vence o prazo da subvención este mes?

Sra. Alcaldesa: Non se vai facer, renunciámos á subvención e cos 20.000 euros do Concello vaise arranxar a pista e os baches das pistas de transporte escolar.

Voceiro PP: Van a perder 39.000 euros? Os cartos non caen do ceo.

Sra. Alcaldesa: Si, a pediremos o ano que ven, ese proxecto non era viable, hai que facer as obras con sentido.

4ª. No Pleno anterior dixo que se ia facer unha bolsa de emprego, como está o tema?

Sra. Alcaldesa: Si, a do SAF primeiro e algunha máis que están esgotadas.

5ª. As autocaravanas que estiveron no Balneario, déuselles algunha aportación?

Sra. Alcaldesa: Si, unha parte si, estamos a punto de chegar a un acordo.

### **Voceira do grupo CxG:**

Preguntas do Pleno anterior:

1ª. Cantas prazas novas no PAI?

Sra. Alcaldesa: 11 solicitudes, 5 de mañá, 5 de tarde e 1 partido; so 1 vacante en horario de mañá.

2ª. Que pasou coa traída da auga?

Sra. Alcaldesa: Un fallo puntual nos filtros, levaban 4 anos sen cambiarse

Novas preguntas:

1ª. Que se sabe das fotos da excarceración que publicaron en “facebook”?

Sra. Alcaldesa: O GES non tivo nada que ver, un deles sae na foto, non se sabe quen as puido facer.

2ª. Ao concelleiro de deportes, como está a obra do pavillón?



Sra. Alcaldesa: Está valorándose continuar a obra pero modificando o proxecto para abaratar custes.

3ª.Como está o transporte ao centro de día?

Sra. Alcaldesa: Están facéndose os pregos para mercar un vehículo adaptado para facelo mediante xestión directa.

4ª.Está aplicándose a Lei de dependencia aos discapacitados?

Sra. Alcaldesa: A alguén si, pero non se pode contestar xenericamente, no próximo Pleno.

5ª.Quen é o responsable da convocatoria da manifestación do sector lácteo? Non chegou a todos os negocios.

Sra. Alcaldesa: Eu, estivo moi publicitado, podería olvidarse algún, pido desculpas.

6ª.No servizo de madrugadores tiveron que esperar ao martes cando comezo o luns anterior.

Sra. Alcaldesa: Hai problemas organizativos.

7ª. Que horarios ten a escola de música?

Sra. Alcaldesa: Sábense os días, os horarios non ata que estea a matricula completa.

8ª.Aumentaron os prezos das escolas deportivas?

Sra. Alcaldesa: Aumentaron os prezos de quen imparte as actividades no balneario, as outras seguen sendo baratas e quere darse calidade a un prezo asequible.

9ª. Sábese quen é a empresa adxudicataria das escolas deportivas? A empresa Vitae publicou en “Facebook” que busca monitores en Guitiriz e aparece na bolsa de emprego do Concello.

Sra. Alcaldesa: Abríronse hoxe as ofertas, esta pendente de adxudicar, pero é normal que busquen monitores para ver se hai xente para facelo ou non, o faría a orientadora laboral do Concello como parte do seu traballo e está ben feito.

10ª.Na revista o noso deporte unha monitora manifesta que vai ser empregada deste Concello.

Sra. Alcaldesa: Non hai ninguén contratado aínda, o contrato está sen adxudicar, e a empresa que o leve poderá contratar a quen queira.

#### **Voceiro do grupo BNG:**

1ª. Que solución se vai a dar os contedores soterrados que hai na Avda. da Coruña no barrio do Curro Vello?

Sra. Alcaldesa: Intentaremos arranxalos en breve.



CONCELLO DE GUITIRIZ  
Rúa do Concello, 4  
27.300 GUITIRIZ – LUGO  
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

2ª. Aparece unha factura duns sendeiristas no CIT de Parga de 261 euros do 30/05/2015, pódenos explicar o motivo?

Voceira do grupo CxG: Serían duns pinchos da ruta anda con nos.

3ª. Cal foi o custo para o concello da festa da torta de millo?

Sra. Alcaldesa: 518 euros.

4ª. Considera a Alcaldía que este evento proposto deste xeito, ten unha repercusión beneficiosa para o nos concello?

Sra. Alcaldesa: Si, houbo pouco tempo para organizalo, os da asociación da festa din que non teñen cartos e se fixo para non perder esa tradición dun produto típico de Guitiriz.

5ª. Sr. Alcaldesa non cree vostede, que o feito de que o concello organice e se faga cargos dos gastos deste festa, non senta precedente para outras festas nas distintas parroquias do concello?.

Sra. Alcaldesa: Non, é distinto, é un produto típico, promoción turística do autóctono, custou bastante menos, coas outras festas colaborase cos GES antes e despois.

6ª. Está usando o concello a grúa municipal?

Sra. Alcaldesa: Si, cando se necesita.

7ª. Lucus Marquet S.L e unha empresa que subministra produtos o centro de día, é de Guitiriz esta empresa?.

Sra. Alcaldesa: Si, é Gadis de aquí, cada mes se lle encarga a un supermercado de aquí, e cando toca Gadis é esa.

8ª. Pódenos explicar como é o contrato que se vai facer a unha empresa privada para completar o SAF.

Sra. Alcaldesa: Como non hai xente na bolsa contratouse a unha empresa para non prexudicar ao servizo.

9ª. Sabe vostede que nos últimos días apareceron dous vertidos o río Forxá, dos que xa levan moitos anos activos?

Sra. Alcaldesa: Si, pasa cando chove forte.

Por último a Sra. Alcaldesa da conta aos concelleiros das seguintes actuacións levadas a cabo:

-Obradoiro de emprego de axuda no fogar, cos concellos de Rábade, Begonte e Outeiro de Rei, para 15 persoas de entre 18 e 30 anos, 2 monitores e 1 administrativo a xornada completa. Enviouse a 535 persoas e asistiron 29 á reunión. Dos 11 seleccionados a través da oficina de emprego 5 son de Guitiriz. As prácticas son na residencia de Castro Riberas de Lea.



**CONCELLO DE GUITIRIZ**  
**Rúa do Concello, 4**  
**27.300 GUITIRIZ – LUGO**  
**TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178**

-Convenio para o saneamento coa Confederación, farase o ano que ven con cartos da Confederación xa que este ano non deu tempo porque tiña que estar finalizado antes de decembro.

-Pista polideportiva, vaise facer xunto a PAI.

-Césped do campo de fútbol de Parga, hai unha subvención da Deputación, está xa adjudicado pero vaise a ver se pode deixar ata a primavera .

-Obra do pavillón, xa explicouse nas preguntas.

-Obra do paso a nivel, contactouse coa empresa e veñen a semana que ven para ver como está todo.

-Aniversario do poeta Díaz Castro, haberá actos culturais, unha ofrenda floral en cementerio, e un acto na igrexa dos Vilares, a inauguración dunha exposición na escola habanera e logo lectura de poemas, están todos invitados.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 21.10 horas de todo o que como secretario dou fe.

A alcaldesa

O secretario

Regina Polín Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel